



O VIRUS DA INMUNODEFICIENCIA HUMANA

Que é o VIH?

É un virus que infecta ás persoas danando as células do sistema inmune, producindo un funcionamento deficiente das súas funcións de loita contra as infeccións.

Tralo contaxio, a infección adoita pasar desapercibida. Os primeiros síntomas da infección son inespecíficos e o máis frecuente é un cadro seudogripal. Se a persoa infectada non recibe tratamento, ao cabo de varios anos prodúcese a Sida.

A Sida caracterízase pola aparición de infeccións oportunistas graves, debidas ao severo deterioro do sistema inmunitario da persoa.

Como se transmite a infección?

O VIH pódese transmitir mediante relacións sexuais sen protección cunha persoa infectada, por compartir agullas ou xiringas dunha persoa infectada, por lesións producidas por obxectos contaminados e por transfusión de sangue contaminada. Tamén se pode transmitir da nai ao fillo durante o embarazo, parto ou lactación.

As relacións sexuais sen protección que conlevan un maior risco son as anais, seguidas das vaxinais, sendo o sexo oral o de menor risco. O risco aumenta coa exaculación.

En Galicia na actualidade as relacións sexuais son a principal vía das novas infeccións.

Cal é o tratamento?

Hoxe en día non hai un tratamento curativo da infección, pero si paliativo e moi eficaz.

O tratamento faise con diversos fármacos antirretrovíricos que dificultan e diminúen a reprodución do virus no organismo, co fin de frear a evolución da enfermidade, alargando a supervivencia e calidade de vida das persoas infectadas, converténdoa nunha enfermidade crónica.

Como podo saber se estou infectado?

Mediante unha análise de sangue feita por un laboratorio.

Tamén hai unhas análises rápidas que se poden facer fóra do laboratorio, pero que, de dar positivo, precisan da confirmación mediante a análise do laboratorio.

Por que é importante saber se estou infectado?

Canto antes se instaure o tratamento, antes se vai conter a evolución da enfermidade e mellor será a calidade de vida e a supervivencia da persoa infectada.

En canto saiba que está infectada pode tomar precaucións para non transmitir a infección a outros.

Como me protexo?

A utilización correcta do preservativo adecuado ao tipo de relación sexual é un método moi eficaz para previr a infección.

Non existe vacina que nos poida protexer.

#SEXINVADERS

